



## INSTRUCCIÓN SOBRE PUBLICACIÓN E ARQUIVO DAS CUALIFICACIÓNS PROVISORIAS

(De acordo coa *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011*).

1. Publicarase nos taboleiros da ETSE unha lista coas cualificacións provisorias de cada materia, indicando as datas de revisión dos exames
2. A lista elaborárase mediante a aplicación informática de cobertura de actas.
3. As datas de revisión deben estar comprendidas dentro dos 10 días seguintes á publicación das cualificacións
4. Quedará constancia da realización da revisión mediante a indicación da data e a sinatura do alumno nunha copia da lista provisional publicada no taboleiro que terá o profesor.
5. De producirse algún cambio na cualificación como consecuencia da revisión indicarase tamén na mesma lista provisional coa firma do profesor.
6. Unha vez finalizado o proceso de revisión o profesor poderá pechar e asinar a acta coas cualificacións definitivas.
7. A lista provisional coa sinatura dos alumnos que realizaron a revisión e cos cambios producidos nas cualificacións como consecuencia da mesma será entregada na secretaría da Escola para o seu arquivo durante 5 anos.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2011.



  
Asdo.: M<sup>a</sup> Teresa Moreira Vilar  
Secretaría da ETSE